CIRCULAR 196-2026

II CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA TRAIL RUNNING – MARATÓN

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 27 de decembro en Lousame, o Campionato Xunta de Galicia Trail Running - Maratón.

Art.2).- Poderán participar atletas, das categorías Sub 23 e superiores, con licenza en vigor pola FGA e válida para as probas de trail running (licenza plus ou corredor).

- Limitarase a admisión a 100 atletas, segundo puntuación no ránking galego de maratón, non contabilizando neste cupo aquelas persoas inscritas no Trail de Lousame.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina https://atletismorfea.es/user/login-registro ata as 23:45 horas do luns 21 de decembro.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 23 de decembro e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Recollida de dorsais:
  - Sábado 27 de 7:00 a 7:50 horas no Pavillón Pilar Barreiro Senra.
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Cámara de chamadas

Os participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma e deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.

Art.7).- Horario e lugar de saída: (perfís ao final do documento)

APERTURA C. CHAMADAS	*PECHE C. CHAMADAS*	HORA SAÍDA	DISTANCIA	DESNIVEL	CATEGORÍAS	PECHE CONTROL	
						Km 22*	Meta*
7:30	*7:50*	8:00	*45 km aprox*	*2076 m + aprox*	*Sub 23, Sénior e Máster*	*3h45'*	*8h20'*

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado para cada carreira.

Localización da saída e meta:
Pavillón Pilar Barreiro Senra: https://maps.app.goo.gl/SkjqkR2FtqA7Vj729

Art.8).- Abastecementos.

- A proba será en semi-autosuficiencia, debendo levar consigo un sistema de hidratación e podendo, ademais, coller comida e bebida nos abastecementos da organización.
- Puntos de abastecemento:

Km	7	16,4	25	32	40,1

  - Non está permitido saír dos puntos de abastecemento con residuos (codias, envoltorios, etc).
- Non se permite a asistencia externa en ningún punto do percorrido.

Art.9).- Material Obrigatorio**.**

O material estará revisado polo comité galego de xuíces, podendo facerse total ou parcialmente en saída, meta ou durante o percorrido.

A FGA, atendendo á meteoroloxía, poderá modificar as seguintes listaxes ata o 23 de decembro, mediante a publicación dunha circular anexa.

Listaxe de material obrigatorio:

- Dorsal visible na parte frontal.
- Sistema de hidratación.
- Teléfono móbil (operativo).
- Manta térmica.
- Frontal aceso ata as 8:40 h.

❖ As penalizacións e descualificacións sobre o material obrigatorio serán as oficiais do regulamento do ránking galego de Trail Running.

Listaxe de material recomendado e opcional:

- Curta ventos ou chaqueta impermeable.
- Tubular ou gorra.

❖ O uso de auriculares ou elementos de igual índole non está permitido.

Art.10).- Premios.


- A entrega de premios realizarase no Pavillón Pilar Barreiro Senra, a partir das 13:30 horas.
- Os tres primeiros atletas clasificados absolutos, Sub 23, e de cada unha das categorías Máster, masculinos e femininos, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a competicion@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

Percorrido e perfil:



Ligazón percorrido: https://tracedetrail.fr/en/trace/345530

A Coruña, a 20 de novembro de 2026

GONZALEZ FERNANDEZ YOLANDA - 32663747K

Firmado digitalmente por GONZALEZ FERNANDEZ YOLANDA - 32663747K
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-32663747K, givenName=YOLANDA, sn=GONZALEZ FERNANDEZ, cn=GONZALEZ FERNANDEZ YOLANDA - 32663747K
Fecha: 2026.11.20 22:09:42 +01'00'

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo